

Xeoloxía . Definición

Relaciona algunhas das especialidades da xeoloxía co seu campo de estudo.:

1. Xeofísica .
2. Mineraloxía
3. Petroloxía.
4. Xeoquímica.
5. Xeoloxía estrutural e tectónica.
6. Xeoloxía rexional.
7. Xeoloxía histórica:
8. Xeocronoloxía .:
9. Paleontoloxía .
10. Estratigrafía .
11. Sedimentoloxía .
12. Mecánica do solo
13. Xeomorfoloxía:
14. Hidroxeoloxía.
15. Xeoloxía económica.
16. Xeoloxía ambiental.
17. Xeoloxía planetaria.
 - a) Estudo das propiedades físicas da Terra: anomalías da gravidade, discontinuidades das ondas sísmicas, campo magnético terrestre etc, para sacar conclusións sobre estrutura e composición da Terra.
 - b) Determina a idade das rochas
 - c) Estuda a composición química das rochas terrestres, a distribución e abundancia dos elementos químicos na codia terrestre, etc ...
 - d) Investigan os procesos e formas de contaminación principalmente da auga superficial, subterránea e do solo, avaliando tamén a súa calidade.
 - e) Estudo das rochas sedimentarias e estratificadas: xénese, natureza, ordenación no tempo e reconstrución da historia xeolóxica.
 - f) Estuda en detalle a xeoloxía coma dos xacementos, estilo de deformación, rochas, etc. de distintas rexións do planeta: Europa, Chile...
 - g) Estudo da vida en épocas pasadas a través dos fósiles e da súa distribución , dos ecosistemas nos que se desenvolveron, etc.. Aporta información ao coñecemento da evolución.
 - h) Estudo dos minerais: estrutura interna, composición química, clasificación, formación, propiedades ...
 - i) Estuda as propiedades do solo para por exemplo atopar terreos para posibles edificacións libre de riscos xeolóxicos como deslizamentos .
 - j) Estudo dos sedimentos e a súa formación. Tamén analiza o seu ambiente de formación.
 - k) Analizan as épocas xeolóxicas dende a formación da Terra; de cada época estudan a os procesos xeolóxicos, a composición e estrutura da terra e da atmosfera, a posición de continentes e dos polos nesa época , a formación de montañas e das conchas sedimentarias, e o desenvolvemento da vida.
 - l) Ocúpase do estudo da dinámica do interior terrestre, movementos de placas, análise e interpretación das estruturas tectónicas terrestres: fallas, dobras ,etc e analiza as forzas que as orixinan
 - m) Estudo das rochas: composición mineralóxica e química, textura, orixe, formación, clasificación ...
 - n) Estuda a formación e evolución do relevo terrestre.
 - o) Investiga a cantidade, calidade, e dinámica das augas subterráneas.
 - p) Encárgase da explotación de xacementos metálicos e non metálicos avaliando o seu valor.
 - q) Estuda os corpos celestes(planetas, satélite,cometas ...)

